

**EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 9 DE ABRIL DE 2018.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora Accidental:**

D<sup>a</sup>. MARIA DEL CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 15/2018 DE DATA 5 DE ABRIL DE 2018.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 15/2018 do día 5 de abril de 2018.

**2.- EXPEDIENTE 1862/2018. EXPEDIENTE DE INMATRICULACIÓN DE FINCAS COLINDANTES VÍA PÚBLICA (ASESORIA XURIDICA).**

Acordouse aprobar o informe do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas de data 4 de abril de 2018 INMATRICULACION DE FINCAS COLINDANTES VÍA PÚBLICA.CARRAGOSO DE ARRIBA-XAXÁN.

**3.- EXPEDIENTE 1749/2018 EXPEDIENTE DE INMATRICULACIÓN DE FINCAS COLINDANTES VÍA PÚBLICA (ASESORIA XURIDICA).**

Acordouse aprobar o informe do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas de data 4 de abril de 2018 INMATRICULACION DE FINCAS COLINDANTES VÍA PÚBLICA. ALBARELLOS-LALÍN.

**4.- EXPEDIENTE 1029/2018. EXPEDIENTE DE INMATRICULACIÓN DE FINCAS COLINDANTES VÍA PÚBLICA (ASESORIA XURIDICA).**

Quedou pendente para un mellor estudio.

**5.- EXPEDIENTE 1614/2018. SOLICITUDE SOBRE POSIBLE INVASIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO POR INSCRIPCIÓN DE FINCA ALPENDRE DESTINA A ALMACÉN. (ASESORIA XURIDICA).**

Acordouse aprobar o informe do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas de data 4 de abril de 2018, INMATRICULACION DE FINCAS COLINDANTES VÍA PÚBLICA. RUA DO CRUCEIRO-LALÍN DE ARRIBA-LALÍN.

**6.- EXPEDIENTE 748/2018. CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONES PREVISTAS NOMINATIVAMENTE EN LOS PRESUPUESTOS.**

Acordouse aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para o Desenvolvemento do Programa Vacacións en Paz para o ano 2018 asumindo as obrigas e compromisos que no mesmo se recollen.

**7.- EXPEDIENTE 1422/2018. PROCEDEMENTO PARA SOLICITAR SUBVENCIONS PARA ASOCIACIONES DE MULLERES.**

Acordouse aprobar as bases reguladoras das subvencións para a realización de actividades polas asociacións de mulleres do concello de Lalín durante o ano 2018.

**8.- EXPEDIENTE 435/2018. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA POSTA EN MARCHA DO PLAN CONCILIA LALÍN DA EXTRTATEXIA LALÍN SSUMA 21 COFINANCIADA CON FONDOS FEDER.**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 11.240,90 €(IVE incluído), con destino á CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA QUE POÑA EN MARCHA O PLAN CONCILIA LALÍN.

**9.- EXPEDIENTE 5599/2017. DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS REFERENTE O CONTRATO DE SUBMINISTRO DE CARPAS E STANDS PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS VENCELLADOS Á FEIRA DO COCIDO. (CONTRATACIÓN ADMINISTRACIÓN).**

Acordouse a DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS REFERENTE Ó CONTRATO DE SUBMINISTRO DE CARPAS E STANDS PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS VENCELLADOS Á FEIRA DO COCIDO.”.

**10.- EXPEDIENTE 1330/2018. RELACION DE FACTURAS.**

Acordouse deixar sen efecto o apartado Cuarto do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 12 de marzo de 2018 (acordo 16 correspondente ao expediente 1330/2018), en tanto non se resolva o Recurso de Reposición interposto pola empresa Acciona Medio Ambiente, S.A.U. contra o acordo de imposición da sanción por incumprimento contractual, por importe de 2.001 €, e dar trámite ao pagamento da factura 9092200122 correspondente ao servizo de mantemento de parques e xardíns do período febreiro 2018.

**11.- EXPEDIENTE 1947/2018. SOLICITUDE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDE**

**03/2018.**

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 03/2018 con carácter definitivo.

**12.- EXPEDIENTE 1919/2018. SOLICITUDE TARXETA DE APARCAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 02/2018.**

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 02/2018 con carácter definitivo.

**13.- EXPEDIENTE 3593/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

Acordouse a **baixa horaria** no servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia (SAAD) para unha persoa beneficiaria.

**14.- EXPEDIENTE 491/2018. AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos vinculados a itinerarios de inserción socio laboral para á persoa solicitante por total de 120 €.

**15.- EXPEDIENTE 1730/2018. AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos derivados de subministros de enerxía eléctrica e auga para á persoa solicitante por importe total de 104,40 €.

**16.- EXPEDIENTE 1651/2018. CORRECCIÓN ERRO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 6/2018.RELACION DE FACTURAS.**

Dáse conta do erro padecido na sesión celebrada o día 26 de marzo de 2016, no punto 26, Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 6/2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou: Corrixir o mesmo.

**17.- EXPEDIENTE 1221/2018. CORRECCIÓN ERRO NO CAMBIO DE TITULARIDADE DO DEREITO FUNERARIO.**

Dáse conta do o erro padecido na sesión de data 19 de marzo de 2018 no punto 19 cambio de titularidade do dereito funerario.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou: Corrixir o mesmo.

**18.- EXPEDIENTE 1898/2018. PROPOSTA DE SERVIZOS PROFESIONAIS PARA A ADAPTACIÓN Á NORMATIVA DE CONTRATACIÓN NO SECTOR PÚBLICO SOLICITANTE J&A GARRIGUES S.L.P.**

Dáse conta do escrito presentado co que achega proposta de servizos profesionais para a adaptación á normativa de contratación do sector público, resultante da nova Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**19.- EXPEDIENTE 1897/2018. SOLICITUDE CORTE DE PISTAS CON MOTIVO DA VIIIª FEIRA DOS CARBALLIÑOS.**

Acordouse conceder autorización para o corte da pista que vai dende a PO534 no cruce a Barcia ata fronte o Restaurante A Robleda os días 11, 12, 13 e 14 de maio de 2018 e da pista que vai dende o grupo escolar ata o centro dos Carballiños o día 13 de maio de 2018 con motivo da celebración da VIIIª Edición da Feira dos Carballiños o vindeiro día 13 de maio de 2018.

**20.- EXPEDIENTE 1938/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN USO ESPACIO RECINTO DO CONCELLO O 12 DE ABRIL DE 2018.**

Acordouse conceder autorización municipal para usar o espazo

dentro do recinto do Concello sinalado no prazo que adxunta para a realización de actividades cos visitantes a Castrodeza (Gastrodeza): Lendas, Castros e Gastronomía, o día 12 de abril de 2018 en horario de mañá.

**21.- EXPEDIENTE 1896/2018. SOLICITUDE DO AUDITORIO MUNICIPAL O 29/04/2018 CON MOTIVO DO "CONCERTO DE CORAIS".**

Acordouse desestimar e rexeitar a solicitude para usar o Auditorio Municipal de Lalín para o día 29 de abril de 2018 ás 19:00 horas para levar a cabo o evento “Concerto de Corais”.

**22.- EXPEDIENTE 1899/2018. SOLICITUDE DE APOIO PARA DECLARACIÓN DA "FESTA DO PULPO" DO CARBALLIÑO COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**23.- EXPEDIENTE 1979/2018. XUSTIFICACIÓN CIM 2017-2018 (CIM).**

Acordouse aprobar a conta xustificativa da documentación que se xunta á solicitude de pagamento da subvención, sendo a certificación do gasto de persoal subvencionable, segundo o custo unitario/ horas traballadas no período o resultante de multiplicar o custe unitario que corresponda 19,59 € ou 16,75 € (artigo 8) polo número de horas efectivamente traballadas dedicadas ao CIM en relación coas tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, en cada un dos períodos subvencionables correspondentes ao Programa CIM.

**24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1559/2018. PROPOSTA CONTRATACIÓN 4 TRABALLADORES XARDINERÍA.**

Acordouse elevar á Xunta de Goberno Local as actas de cualificación final do Tribunal Cualificador propoñendo a contratación dos/as candidatos/as que obtiveron a maior puntuación final.

**25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1597/2018. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O CLUBE BALONMÁN LALÍN.**

Acordouse aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e o Club Balonmán Lalín para coorganización do evento deportivo denominado “SECTOR A DA FASE ZONA DO CAMPIONATO ESTATAL DE BALONMÁN XUVENIL MASCULINO.

**26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2023/2018. MODIFICACIÓN OU CESAMENTO DA LICENZA DE OCUPACIÓN DE BEN DE DOMINIO PÚBLICO.**

Acordouse aceptar a solicitude formulada e resolve o contrato asinado o 29 de abril de 2016 e declarar vacante a Parte Nova da Praza de Abastos de Lalín.

**27.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1949/2018. RELACION DE FACTURAS.**

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00020 por importe de 37.536,08 €.

**28.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1993/2018. XUSTIFICACIÓN DE GASTOS, DIETAS E ASISTENCIAS.**

Acordouse reintegrar o Alcalde do Concello de Lalín, os gastos efectivamente realizados como consecuencia do desenvolvemento das

funcións representativas propias do seu cargo, pola súa asistencia ao Encontro celebrado en Madrid o día 22 de marzo do ano en curso entre empresarios da AEDEZA e empresarios galegos en Madrid-AEGAMA.

**29.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2020/2018. AUTORIZACIÓN PARA ASISTENCIA CURSO SUPERIOR EXTRATEXIA DUSI E PAGO DE MATRÍCULAS CORRESPONDENTES E INDEMNIZACIÓNS.**

Acordouse autorizar ás técnicas municipais a asistencia ao “Curso superior sobre elaboración, xestión e avaliación de estratexias integradas de desenvolvemento urbano sustentable”.

**30.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: Expediente 1673/2018. PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (ENXEÑERÍA OBRAS PÚBLICAS).**

Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 21/03/18, informe urbanístico sobre da titularidade da parcela catastral 36024A044090100000AD, que figura co nome de camiño da Costa do Toxo, sita nas Lamas de Meixomín (Meixomín-Muimenta).

**31.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 117/2018. SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN.**

Dáse conta da publicación no Diario Oficial de Galicia núm. 67, de data 6 de abril de 2018, da Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 23 de marzo de 2018, *pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 22 de novembro de 2017 (Diario Oficial de Galicia núm. 240, do 20 de decembro), pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia*, pola que se concede dúas subvencións ao Concello de Lalín. Unha por importe de **2.187,50 €** para a dotación de novidades editoriais en galego e outra de **4.331,68** para a mellora das coleccións bibliográficas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:05 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.